

Regulación dos prezos públicos pola subministración de catálogos, libros e outro material para a divulgación das actividades municipais

Nº 37

ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO

No uso das facultades concedidas polo artigo 127 do R. Decreto-Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécense os prezos públicos pola subministración de catálogos, libros e outro material para a divulgación das actividades realizadas polo concello de A Estrada regulados nas seguintes normas, que atenden ao disposto nos artigos 41 a 47, ambos inclusive, da mesma Lei.

ARTIGO 2º.- CONCEPTO

Os prezos públicos regulados nesta ordenanza son aquelas prestacións pecuniarias satisfeitas pola adquisición de libros, catálogos, e calquera outro material dirixido á promoción turística e á divulgación da riqueza patrimonial de A Estrada e das actividades municipais de carácter non obrigatorio.

ARTIGO 3º.- OBRIGADOS AO PAGAMENTO

Están obrigados ao pagamento destes prezos públicos os adquirentes dos obxectos referidos no artigo anterior.

ARTIGO 4º.- RETRIBUCIÓN

Os prezos regulados nesta ordenanza aboaranse no momento de adquirir os obxectos referidos no artigo 2º.

ARTIGO 5º.- CONTÍA

1. No uso da facultade prevista nos artigos 47.1 do R. Decreto-Legislativo 2/2004 e 23.2b) da Lei 7/1985, o Pleno do Concello delega na Xunta de Goberno Local a competencia para fixar os conceptos e contías destes prezos públicos.
2. A Xunta de Goberno Local, á vista da valoración económica de cada edición ou tirada, acordará os importes unitarios de venda entre un máximo, que será o importe necesario para cubrir a contía total estimada, e un mínimo que permita a cobertura do 25 por cento dese custo.
3. Estes prezos incrementaranse na porcentaxe que proceda do Imposto sobre o Valor Engadido.



ARTIGO 6º.- NORMAS DE XESTIÓN

1. departamento ou servizo interesado na venda dos obxectos referidos no artigo 2º elaborará un informe sobre o custo total e número de unidades que se porán á venda e someterao á concellería responsable para formular a correspondente proposta, que será fiscalizada pola Intervención municipal.
2. expediente así formado elevarase á Xunta de Goberno Local para efectos de determinar o prezo unitario de conformidade co disposto no artigo 5º.2 desta ordenanza.
3. No prazo máximo de seis meses dende a súa aprobación, o responsable do departamento ou servizo interesado xustificará diante da Intervención municipal os ingresos efectivos realizados, e as existencias, se as houbera.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente ordenanza, aprobada definitivamente o 17 de setembro de 2009, entrará en vigor e comezará a aplicarse aos quince días hábiles da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme ao establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e manterase vixente ata a súa derogación ou modificación expresas.

Publicación B.O.P.: 23-11-09